



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000016

Valdoviño, 01 de decembro de 2022.

Hora: 20:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Germán Gómez Senra

Dona Ana Belén Pérez Fernández

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Don Alejandro Antonio García Sousa do PsdeG-PSOE.

Don Javier Bouzamayor Casas do PP.

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03.11.22 (ORDINARIA).-

O sr. Alcalde, que preside a sesión, preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión citada do 03.11.22 queda aprobada sen ningunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes a esa sesión).

2º.- RATIFICAR DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 636/2022.-

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

“ASUNTO : MODIFICACIÓN MESA DE CONTRATACIÓN.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Providencia desta alcaldía de 16.11.2022

Realizada a tramitación legalmente establecida, visto o informe de Secretaría de data 16.11.2022 e de conformidade co establecido no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Considerando a necesidade de contar con un suplente da Secretaria titular da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Valdoviño en aras a axilizar e non paralizar os procesos de contratación en trámite en caso de ausencia da citada titular evitando así o prexuízo para os intereses municipais ó paralizarse dita actividade, en base ós intereses que ten que tutelar o Municipio e dos intereses veciñais, unido á falta de persoal funcionario capacitado para participar no órgano de asistencia “Mesa de Contratación” consecuencia da organización desta Corporación e habendo persoal interino da escala de administración xeral, subescala administrativa con coñecementos e experiencia en materia de contratación administrativa, ben por vir desempeñando función na Mesa de Contratación do veciño Concello de Cerdido (XGL 19.05.2022) consecuencia dun convenio de colaboración entre ambos Concellos, ben pola colaboración que xa ven desempeñando ditas tarefas no Concello de Cerdido.

RESOLVO

PRIMEIRO. Modificar a Mesa de Contratación Permanente como órgano de asistencia ao órgano de contratación: manter a Secretaria titular e engadir a Secretaria suplente da mesma a :

- Titular: [REDACTED]
- Suplente: [REDACTED]

SEGUNDO. Comunicar ao membro designado o seu nomeamento como membro da Mesa de Contratación Permanente.

TERCEIRO. Publicar dita Resolución no perfil de contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Ratificar o presente acordo na seguinte sesión plenaria

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (9 membros dos 13 que a compoñen), acordou ratificar a resolución que antecede.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2022.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de outubro de 2022, que comprenden do número 521 ao 580 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Debería facerse un aparcadoiro preto da zona do Faro.
.- Responde o sr. Alcalde.- Xa hai onde aparcas. Costas solicitou facer o aparcadoiro e a Xunta dixo que non. Non deixan facer nada.

.- Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Na praia de Lago hai unha farola torcida.
.- Responde Benito Manuel Vega concelleiro se servizos.- O comprobaremos.

.-Sra. Veiga Doce (CENVAL).- Podería Carlos o arquitecto municipal darnos unha explicación relativa a urbanismo?
.- Responde o sr. Alcalde.- Si, cando queirades da un curso.

.- Sra. Testa Ameneiros (PP).- Xa está listo o Chiringuito?
.- Responde o sr. Alcalde.- Si, falta a adxudicación definitiva. Esperamos que empecen nunha semana.

Incorpórase a concelleira dona Jessica Sabín Fernández do PsdeG-PSOE

.- Sra. Testa Ameneiros (PP).- Como vai a fase do complexo?
.- Responde o sr. Alcalde.- Estamos a espera do informe técnico para tomar medidas.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte e unha horas deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde/